

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a febreiro de 2026

Data de publicación: 10/04/2026

Principais resultados

- En febreiro de 2026, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou unha diminución interanual do 1,7% en Galicia e do 1,3% en España.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo medraron un 3% e os bens intermedios un 3,9%, mentres que os bens de equipo baixaron un 12,3%. A enerxía incrementouse un 4,6%.
- Por ramas de actividade, a contribución negativa máis destacable corresponde a: "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" que resta 4,2 puntos.
- No referido ás repercusións positivas, a rama máis relevante foi "Fabricación de bebidas" cunha contribución de 2,1 puntos.

Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1 Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial diminuíu un 1,7% en taxa interanual en febreiro de 2026; en España, baixou o 1,3%.


- Os bens de consumo aumentaron o 3%, cunha repercusión de 0,7 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa interanual do -12,3%, restando 4,2 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios aumentan un 3,9%, cunha repercusión positiva de 0,8 puntos.
- Por último, a enerxía, que aumenta un 4,6%, suma 1,1 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Febreiro de 2026

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	104,6	-1,7	-0,9
Bens de consumo	102,8	3,0	-2,5
Bens de equipo	111,6	-12,3	-5,8
Bens intermedios	84,8	3,9	2,1
Enerxía	119,7	4,6	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



2 Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual do 1,7% débese principalmente á contribución negativa de 16 ramas.

Entre as ramas con contribucións negativas (-7,3 puntos) destacan:

- "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" (-23,4%, resta 4,2 puntos).
- "Confección de roupa de vestir" (-37,1%, resta 0,8 puntos).

No que respecta ás contribucións positivas (5,6 puntos) as principais ramas foron:


- "Fabricación de bebidas" (58,3% e suma 2,1 puntos).
- "Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes" (58,4% e suma 1,2 puntos).
- "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" (5%, suma 1,1 puntos).

3 Índices por comunidades autónomas

O IPI diminuíu en 14 comunidades autónomas neste mes de febreiro. As comunidades con taxas máis negativas foron A Rioxa (-11,2%) e Asturias (-10,7%). Pola contra, o maior crecemento do índice prodúcese en Castela e León (12,9%).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Febreiro de 2026

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

4 Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras e o subministro da enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, seccións B, C e D respectivamente da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Ademais, dende a base 2010 inclúe tamén a división 36 da CNAE-2009: Captación, depuración y distribución de auga. Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5 Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Febreiro de 2026

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	104,6	-1,7	-0,9		
Bens de consumo	102,8	3,0	-2,5	0,7	-0,5
Bens de equipo	111,6	-12,3	-5,8	-4,2	-1,8
Bens intermedios	84,8	3,9	2,1	0,8	0,4
Energía	119,7	4,6	3,8	1,1	1,0

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	100,4	-1,3	-2,2		
Bens de consumo	101,3	-0,1	-3,0	0,0	-0,8
Bens de equipo	112,1	-0,4	-1,2	-0,1	-0,3
Bens intermedios	93,5	-2,9	-4,4	-0,9	-1,4
Energía	97,6	-1,6	1,2	-0,3	0,2

Fonte: INE.

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro de 2026

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-23,4	-4,2	-9,7	-1,5	13,3
Confección de roupa de vestir	-37,1	-0,8	-36,2	-0,8	1,8
Industria química	-28,1	-0,4	-19,1	-0,3	1,9
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-12,2	-0,3	-14,0	-0,3	3,2
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-4,3	-0,3	-4,0	-0,3	8,6
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-3,7	-0,2	-4,5	-0,2	4,6
Fabricación de mobles	-11,7	-0,2	-15,3	-0,2	1,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-5,0	-0,2	-11,2	-0,6	4,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-42,7	-0,1	-48,5	-0,2	1,0
Industria da alimentación	-0,2	0,0	-0,3	0,0	14,9
Industria téxtil	-3,8	0,0	-1,9	0,0	0,8
Industria do papel	1,8	0,0	-6,2	-0,1	1,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-1,4	0,0	-2,7	-0,1	2,3
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	4,6	0,0	31,7	0,2	0,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-0,3	0,0	0,8	0,0	2,8
Outras industrias manufactureiras	8,6	0,1	8,5	0,1	0,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	47,8	0,2	36,9	0,1	0,5
Outras industrias extractivas	41,3	0,4	20,6	0,2	1,1
Fabricación doutro material de transporte	20,8	0,4	10,9	0,2	1,9
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	5,0	1,1	4,9	1,1	19,4
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	58,4	1,2	47,1	1,0	5,1
Fabricación de bebidas	58,3	2,1	22,3	0,9	3,8

Fonte: INE.

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais.

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro de 2026

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	100,40	-1,3	-2,2
Andalucía	95,86	-0,1	0,9
Aragón	112,44	1,7	-0,3
Asturias, Principado de	86,81	-10,7	-9,4
Baleares, Illas	94,99	-6,8	-7,3
Canarias	105,02	-0,8	-2,0
Cantabria	92,50	3,7	-2,2
Castela e León	117,89	12,9	7,3
Castela-A Mancha	94,66	-6,2	-5,1
Cataluña	103,94	-0,4	-3,1
Comunidade Valenciana	88,41	-4,2	-4,5
Estremadura	96,49	-9,1	-4,3
Galicia	104,65	-1,7	-0,9
Madrid, Comunidade de	106,12	-1,6	-4,1
Murcia, Rexión de	94,08	-0,4	0,2
Navarra, Comunidade Foral de	93,93	-8,3	-4,0
País Vasco	97,46	-4,5	-3,3
Rioxa, A	91,60	-11,2	-8,2

Fonte: INE.